



O FARELO

Nº31

2ª Quincena
Xuño de 2019

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Ludus Tonalis
gaña certame
de corais de
Arbo



Páxina II

As Termas de
Salvaterra serán
só para maiores
de 14 anos



Páxina V

Castiñeira e
Tourón logran
un Goberno de
esquerdas en
Salceda



Páxinas X

Os Socialistas
de Oia
preocupados
polo glifosato
nas estradas



Páxina XII

Festa da
Langosta en A
Guarda
Os días 5, 6 e
7 de xullo



Páxina XIII

Décima edición
do Open Vila
do Corpus de
tenis



Páxina XVI



Eva García de la Torre alcaldesa do Porriño sen pechar pacto de goberno co BNG

Páxina IX

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

CONFITERIA
Regino
Especialidade en
rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Condado/Paradanta

O Coro de Cámara “Ludus Tonalis” gaña o VII certame galego de corais “Vila de Arbo”

O concello de Arbo organizou o seu xa tradicional Certame Galego de Corais “Vila de Arbo”. O concurso, que celebrou a súa sétima edición, abarrotou de público e tamén de voces o Auditorio Segundo Gil Davila da localidade. Centenares de persoas acudiron ao edificio para gozar da música polifónica coral que alí se podía escoitar. As corais que viaxaron ata Arbo interpretaron unha obra de presentación, a obra obrigada e unha obra de libre elección cada unha.

Un total de sete foron as corais participantes no certame. Tras retirarse o xurado a deliberar vivíuse un momento de



gran emoción cando a presentadora, Edurne Fernández, leu a acta oficial desvelando a agrupación gañadora do premio Fecoga (outorga un premio de

500€) a mellor interpretación da obra obrigada ‘A ti María Luisa’, o Coro de Cámara Ludus Tonalis. A Coral Polifónica Frol Nova conseguía o terceiro pre-

mio (200€) e a Agrupación Coral San Miguel de Lores, o segundo (400€). A gran triunfadora do certame foi a citada Ludus Tonalis ao alzarse tamén

co primeiro premio “Fundación Segundo Gil Davila” dotado con 900€ e diploma acreditativo. As outras catro corais participantes obtiveron un diploma acreditativo pola súa participación no certame.

O alcalde de Arbo en funcións, Horacio Gil, quixo agradecer a todas as corais participantes, aos visitantes que se achegaron a Arbo para asistir ao acto, así como a Fecoga, á Fundación Segundo Gil Davila e outras entidades colaboradoras e por suposto tamén á Coral Polifónica de Arbo pola colaboración e a ilusión que mostran todos os anos na organización deste importante evento.

Os montes de As Neves estrearon a segunda edición do “Depo desafío” cunha proba de BTT

Preto de 150 persoas participaron na primeira competición do circuío organizado pola Deputación de Pontevedra, percorrendo 30 quilómetros

A nova edición do “Depo Desafío”, é unha esixente competición da Deputación de Pontevedra que combina cinco probas de cinco disciplinas deportivas diferentes. A estrea desta edición foi cunha BTT chea de obstáculos e emocións só aptas para as persoas máis valentes. Preto de 150 deportistas competiron nesta primeira quenda, que comezou o domingo 9 de xuño con saída e chegada na Praza do Concello das Neves.

O percorrido desta primeira proba foi de 15 quilómetros. A altitude máxima está situada nos 490 metros e, o

desnivel positivo, en 422 metros. Esta proba está considerada como de dificultade media.

A Deputación de Pontevedra volve confiar neste “Depo Desafío” despois de que a primeira edición excedese todas as expectativas. Por esta razón, aumentouse o número de participantes (maiores de 16 anos) de 300 a 500: 200 na modalidade de competición nas 5 probas e 300 na modalidade de proba individual. Trátase dunha das actividades postas en marcha pola institución provincial para popularizar este tipo de probas deportivas á vez



que se promove o destino turístico – razón pola que as probas se distribúan ao longo do territorio pontevedrés – e, do mesmo xeito, concienciar á po-

boación da urxencia de practicar deporte no medio natural dun xeito respectuoso, sustentable e responsable.

www.novasdoeixoatlantico.com

Miguel Anxo Seixas presenta libro en Gondomar

O venres 21 de xuño, ás 20 horas, na Librería Libraída, de Gondomar, Miguel Anxo Seixas Seoane presenta o seu libro "Castelao, Constructor da nación. Tomo I. 1886-1930", publicado pola Editorial Galaxia. O acto será presentado por Carlos Méixome.

Primeiro volume dunha biografía monumental, concibida por Miguel Anxo Seixas case como un diario da vida cotiá de Castelao cos fitos da súa cronoloxía persoal e pública xunto a actualidade da época. Labor de toda unha vida de-

dicada á investigación, á recollida de datos e documentación.

Miguel Anxo Seixas é Licenciado en Historia da Arte Moderna e Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Entre as súas obras podemos destacar O Camiño de Santiago, Ánxel Casal, Castelao pintor e Quen fora pedra.

Participou en numerosas obras colectivas como Celso Emilio Ferreiro, Para ler a Castelao I e II e Camilo Díaz Balaño, o deseñador da nación.



AS PLANTAS AROMÁTICAS NO RITUAL DE SAN XOÁN

VENRES 21 DE XUÑO

**LOCAL DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS
CANEDO**

**18:00 H. Charla e saída guiada a cargo de
Marcelo Rodríguez (FAIA EDUCACIÓN AMBIENTAL)**



PONTEAREAS
CONCELLO



ARBO ROCK

27 XULLO 2019

PARKING DISCOTECA NASYRA (ARBO)
APERTURA DE PORTAS 20:00

SOZIEDAD ALKOHOLIKA CELTAS CORTOS LOS DE MARRAS STONED AT POMPEII

ENTRADA ANTICIPADA 15€ EN TAQUILLA 20€
+ GASTOS DISTRIBUCIÓN

PUNTOS DE VENTA ANTICIPADA: WWW.WEGOW.COM RIBADAVIA: BAR REBUS
ARBO: O BARACHAS - LIBRERÍA CAPRICHOS - LIBRERÍA ARCO IRIS
PONTEAREAS: OVELLA NEGRA VIGO: TIENDA ELEPE A CAÑIZA: R. CASA ELIGIO
OURENSE: PEGGY RECORDS SALVATERRA: TALLERES MINGOS PEUGEOT

PATROCINA
San Miguel

COLABORAN
SISVENPVC Xirela As Laxas PAZO PONDAL RODOSA RENAULT GADIS DEPUTACIÓN PONTEVEDRA Concello de Arbo

CENTRO ARTÍSTICO SPORTIVO

1º Mundialiño Fútbol Sala 2019

DO 01 ao 30 de Xullo

Categorías:
Infantil 05/06
Alevín 07/08
Benxamín 09/10
Prebenxamín 11/12

Entrega de inscricións:
CENTRO ARTÍSTICO SPORTIVO
986 640 041

Data límite de inscricións:
25 Xuño 2019

Inscricións:
7€ + 30€ (fiianza por equipo)

Organiza:
Mario: 636 014 573

Patrocina:
PONTEAREAS CONCELLO

Colaboran:
Pazos, MacDona, Atmosfera Sport, RODOSA

Opinión

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador.

XXV Premios Peña Novo, o recoñecemento do maxisterio galeguizador

No patio de armas do histórico castelo de Soutomaior celebrábase o acto da entrega dos Premios Peña Novo o próximo día 26 do mes que andamos. Un convocatoria que todos os anos vén congregando a centos de amigas e amigos procedentes de diversos lugares da xeografía galega para testemuñaren a merecida homenaxe e recoñecemento público a aquelas persoas merecentes del polo seu bo facer na dignificación da nosa lingua.

A vixésima quinta Edición dos Premios Peña Novo recaíron este anos en tres persoas de probada galeguidade en cadansúa actividade profesional.

A don Manuel Bermejo Patiño, profesor emérito da USC recoñécelle o

xurado a coherencia na utilización da lingua galega durante toda a súa vida académica e investigadora. A súa docencia no Departamento de Química inorgánica que dirixiu foi sementeira frutífera entre o seu alumnado. Contribuí á preparación de materiais didácticos para a impartición de materias científicas en galego e unha produción científica de máis de douscentos traballos científicos no noso idioma.

Dona Paz Filgueira Paz, maxistrada do Xulgado de violencia de xénero de Vigo ten no seu haber o meritorio exercicio da súa actividade xurisdiccional realizada en lingua galega, ditando milleiros de sentenzas e resolucións no noso idioma. Recoñécelle o xurado o seu dilatado labor a prol

da normalización lingüística nun ámbito no que, aínda que semelle paradoxico, a xustiza impártese nunha lingua distinta da maioría dos usuarios que apelan a ela para atoparen protección dos seus dereitos; sendo un deles o de poder dirixirse ao poder xudicial en galego e recibir sentenza no mesmo idioma.

A don Carlos Salgado López, profesor titular do Departamento de Física de partículas da USC e Director do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, lóvaselle o seu compromiso permanente coa lingua galega na súa actividade investigadora, altamente especializada, que o sitúan entre os mellores científicos na súa materia, tanto en España como en Europa. O seu maxisterio é un exemplo a imitar polas novas promocións de científicos que deica agora non consideraban apto o noso idioma para a investigación.

Todos os tres comparten en cadansúa área de coñecemento o prestixio do seu exercicio profesional e un maxisterio teimudo. Velaí a importancia das condutas individuais para superar atrancos

ou desleixos institucionais no fomento do noso idioma. Son continuadores tamén dunha tradición que iniciaron outros con anterioridade en momentos de maiores dificultades e sen a protección legal que hoxe ampara o exercicio da galeguidade. Porque temos un marco xurídico que permite o desenvolvemento do exercicio profesional no noso idioma, que defende os dereitos da cidadanía a ser formada e informada en lingua galega.

O profesores Manuel Bermejo, Carlos Salgado e a xuíza Paz Filgueira están a promover un cambio de actitudes na sociedade. Fan posible que ali onde había medo agrome o orgullo de sermos máis nós, e onde había claudicante vulgaridade e sometemento, agora se recoñeza a orixinalidade, que é prestixio e distinción. Eis as razóns para seren merecentes dos galardóns que se lles conceden.

Amigo ou amiga lectora, queda convidado á entrega dos Premios Peña Novo.





ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PORTUGAL**: Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - João Martinho - **MADRID**: Juan Louzán - **BARCELONA**: Fdez. Valdeorra - **PAIS BASCO**: Nicolás Xamardo - **CANARIAS**: Fco. Puñal - **NOVA IORQUE**: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Producións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Félix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

SALVATERRA DE MIÑO

Xogos tradicionais da man do CEIP Santiago de Oliveira e o CEIP DE Leirado, no parque de A Canuda

Para rematar o Proxecto Documental Integrado sobre o xogo realizado polo CEIP Santiago de Oliveira, en Ponteareas, e o CEIP de Leirado, Salvaterra de Miño, o venres 7 de xuño entre as 10,45 e 13,45 horas tivo lugar a Mostra do Xogo e o Xoguete no parque da Canuda no Concello de Salvaterra de Miño. Este acto contou coa colaboración dos Concellos de Ponteareas e Salvaterra.

Nesta mostra expúxose todo o traballo de investigación realizado polo alumnado sobre este tema así coma os xoguete creados por eles.



As Termas de Teans serán so para maiores de 14 anos



Alcaldía de Salvaterra de Miño tomou o acordo de limitar a entrada ao Espazo Termal Municipal de Salvaterra-Tears a maiores de 14 anos. Esta decisión tomouse polas queixas de case a totalidade dos veciños de Salvaterra que frecuentan asiduamente este Espazo Termal, que manifestaron que este Espazo é un lugar terapéutico, de relaxación e tranquilidade e non son unhas piscinas lúdicas.

Desde a Alcaldía aclaran que calquera menor de 14 anos que por prescripción médica lle sexa recomendada a utilización de esta auga termal, so ten que facer a solicitude e será autorizada.

O Espazo Termal de Teans

consta de 4 pozas termais de baño, 3 grandes de aproximadamente 140m² de superficie, cunha profundidade de 0,60m e unha poza pequena de aproximadamente de 30m² de superficie e 1,40m de profundidade, cun decantador para as augas, que posteriormente verterán ao Río Miño.

Están situadas en Salvaterra de Miño, lugar de Teans-Oleiros, á orilla do Río Miño, fronte a vila de Monçao e a 1 km da Ponte Internacional augas arriba e o seu recinto conta con 3.000m² entre instalación e zonas verdes, ademais dun parque público.

O seu horario é de 10.00h a 13.00h e de 17.00h a 21.00h. Os luns pecha por mantemento.

Visitas ao Museo da Ciencia do Viño

Fanse visitas guiadas ao Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea todos os venres, sábados, domingos e festivos en horario de mañá e tarde. Os grupos iranse conformando previa inscrición.

As inscricións poderán facerse vía telefónica

ao 986.65.81.26 / 617.14.88.66, no enderezo electrónico museocienciavino@concellode-salvaterra.org ou ben no propio Concello.

Unha vez inscrito, o persoal do Museo confirmará a visita guiada a través do medio de contacto seleccionado.



Opinión

Por Guillermo Rodríguez

O Sur de Pontevedra quedou moi tinxido de vermello



Estes días pasaron pola tv una película sobre Clara Campoamor. Aquela muller adiantada aos seus tempos que loitou polo voto feminino na Constitución republicana.

Isto tróuxome á memoria aquela frase do almirante Aznar, logo das eleccións municipais do 12 de abril de 1931, de "España deitouse monárquica e ergueuse repu-

blicana". Hoxe poderíamos remedalo dicindo que o zona sur de Pontevedra, en maior grao, o pasado día 26M se ergueu bastante azul e deitouse moi vermella.

por razóns biolóxicas.

Aínda que as novas xeracións non estean demostrando suficientemente un novo talante como sería de esperar, resulta obvio que hoxe a "pro-

fesión de cacique", aínda que sexa de cacique bo, como nos diría Fernandez Albor (q.e.p.d.), xa non dispón de campo abonado para traballar. Logo, aquela cor azul, que



Emilio Barros recibe o bastón de Alcalde de mans de Calis.



Abel Caballero comenza o seu cuarto mandato.

Se botamos unha ollada a como quedou o mapa político, se lembramos como era hai unhas cantas décadas, chegamos á conclusión do que dicía Alfonso Guerra sobre España, "non a coñece nin a nai que a pariu".

Efectivamente, somos moitos os que lembramos como dende a Paradanta ao Monte Trega e continuando polo Val Miñor a cor dominante era a azul; hoxe, practicamente, é a cor vermella, agás pequenas manchas de amarelo nacionalista porque a cor azul se diluíu.

Que pasou en todo este tempo? Ben, a resposta a esta pregunta pode ter moitas variantes. Por unha banda unha cuestión cronolóxica-biolóxica que resulta inapelable. As camadas, que diría o Beiras, dos herdeiros daqueles tempos de mal recordo, foron camiñando lenta pero imparable cara os cemiterios. As lembranzas e os medos que moitos cidadáns tiñan incrustados no seu maxín, como se dunha neurona determinante das súas condutas políticas se tratara, foron desaparecendo



Cabaleiro de novo Alcalde de Tui



Arturo Grandal cede o bastón a Marta Valcarcel

MADERAS PUZO

Fábrica de Molduras

986 644 051 . carlos@maderaspuzo.com

www.maderaspuzo.com

Puzo - Lira s/n. 36862 Salvaterra de Miño

**GASOLEOS
TEA S.L.**

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



Xosé Manuel Méndez repite nas Neves

simbolizaba tempos que todos queremos esquecer, vai deixando paso a unha cor máis forte; a cor vermella das rosas da esperanza e da ilusión dun mundo mellor; un mundo máis solidario, máis humano, máis alegre e divertido.

Así vemos como, agás os concellos de Salvaterra, Arbo, Crecente, Covelo e Mondariz-Balneario, o Condado/Paradanta cambiou de cor dunha maneira total. Pero se continuamos baixando a carón do Miño imos atopar que todos os concellos azulados de varias décadas atrás tamén cambiaron de cor. E seguindo pola costa, agás Oia, ocorre o mesmo. A Louriña, coa ovella negra, neste caso azul, de Mos, pásalle tres

cuartos do mesmo. Segue Vigo e o Morrazo que xa veñen sendo tinxidos de vermello dende tempos pretéritos.

Galicia presenta hoxe, en xeral, unha cor máis alegre da que nos viña ofrecendo. Non podemos presumir de que a bandeira azul e branca, coa estrela de cinco puntas no medio, sexa o símbolo que asulague esta Terra nosa, pero, como diría o poeta Antonio Machado, "caminante no hay camino, se hace camino al andar". Andemos pois ata conseguir que as terras galegas sexan administradas por rexidores/ras que teñan aquí as súas raíces pero que estas non teñan ramificacións cara fóra. Que aquela viñeta de

Castelao na que un paisano lle dá de comer á vaca e o señorito de sombreiro de copa a está muxindo, non sexa máis que un mal recordo; que se Castelao tivera que ofrecernos as súas viñetas foran representativas de como as nosas vacas pastan alegres nas leiras e os "señoritos" as admiran e respectan porque sexan quen lles facilitan eses cafés con leite que saborean nas terrazas da capital.

Agora quedamos outro reto importante; conquistar a Xunta de Galicia para os galegos de pro. Claro que son galegos os actuais rexidores, claro: o que pasa é que teñen, como se dicía na aldea, a nai fóra. Ou sexa, están continuamente pendentes de Madrid, do que alí fagan e decidan. Así non imos saber nunca cales son as nosas potencialidades; de que somos capaces de facer. De pouco serve que nos falen dun goberno galego se, como a vaca da viñeta de Castelao, un señor dende Madrid lle está marcando o paso, munxindo os nosos recursos para darnos logo o que entenden nos pertence, non o que nós cremos nos pertence. Se nos deixan gobernarnos nós mesmos, sen ter que ir a dar cos osos nos cárceres ma-



Luís Piña, por fin Alcalde de A Cañiza

drileños, saberemos dunha vez quen mantén a quen.

En fin, por agora imos contentarnos coa nova cor de Galicia; logo, o vindeiro ano será a toma da bastilla compostelana e de seguido teremos que comezar a mostrar as nosas cartas. Ao remate da partida xa veremos como queda a cousa.

Mágoa que non sexamos quen de presentar "un exército"

de homes e mulleres dispostos/as a gobernar este País. Que andemos en liortas cambiando os marcos das leiras cada tres por catro. Isto non nos favorece; isto fai que os señoritos de Madrid sigan munxindo as nosas marelas. Esperemos que o bo xuízo impere e o próximo ano poidamos entonar collidos da man cánticos de esperanza.



Nova corporación de Covelo, agás o concelleiro socialista Muradás. O Alcalde, Pablo Castillo terceiro pola esquerda.

Vinoteca
Eira Vella
viños, costás, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

Novas da Raia

Ministro da Educación assina acordo de colaboración de 1,4ME para 2ª fase de requalificación da Escola Básica e Secundária de Cerveira

O Ministro da Educación, Tiago Brandão Rodrigues, esteve em Vila Nova de Cerveira, para visitar a 1ª fase das obras de requalificação e modernização da Escola Básica e Secundária de Vila Nova de Cerveira já concluídas, bem como formalizar o acordo de colaboração que viabiliza a 2ª fase da empreitada, num investimento de 1,4ME.

A degradação do edifício da Escola Básica e Secundária - com quase 25 anos de existência - tem sido uma das preocupações lideradas por este executivo municipal desde o primeiro mandato, com o intuito de adaptar a escola às novas exigências de ensino, quer ao nível do número de espaços, quer ao nível da segurança e qualidade.

Num investimento municipal de cerca de 400 mil euros (dos quais 108 mil euros do PDCT original), a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira procedeu, no passado verão, a uma



intervenção naquele estabelecimento de ensino, incidindo sobre a remoção do revestimento da cobertura em fibrocimento do pavilhão gimnodesportivo, a reformulação dos balneários do campo de jogos, a construção da nova portaria na entrada sul, e a melhoria das condições de conforto térmico do edifício existente, através da implementação de um sistema de isolamento térmico pelo exterior.

Fruto da persistência do atual executivo e da intervenção do Ministro da Educação, Tiago Brandão Rodrigues, a reprogramação do Pacto para o Desenvol-

vimento e Coesão Territorial (PDCT) Norte 2020 permitiu consignar mais de 1,4ME (financiamento Feder 1,2ME) para avançar com a 2ª fase do projeto que visa a construção de raiz no edifício designado como centro de recursos - composto por biblioteca/auditório para capacidade para 119 lugares sentados; a construção de um edifício de apoio ao ensino articulado; a ampliação do espaço de refeitório; a cobertura dos corredores de circulação e dos espaços de recreio; o reforço das condições de segurança e de acessibilidades, bem como a adaptação à eficiência energética.



Ponte de Lima acolhe XI Feira de Caça, Pesca e Lazer

O município de Ponte de Lima, em parceria com a Escola Profissional de Agricultura e Desenvolvimento Rural de Ponte de Lima, vai promover a Feira de Caça, Pesca e Lazer, entre os dias 21 e 23 de junho, na Expolima.

Segundo comunicado enviado pela autarquia, a XI edição da iniciativa aposta na "promoção dos recursos cinegéticos do concelho, assim como das potencialidades transversais aos campos da pesca desportiva de água

doce, da caça e do turismo, numa estreita ligação com o património natural e cultural, alicerçada numa forte aposta turística do concelho de Ponte de Lima".

Esta feira vai contar com várias áreas de exposição de artigos da especialidade, demonstrações de aves de cetraria, mostras de espécies cinegéticas, tasquinhas com pratos e petiscos, bem como provas de caça e pesca e outras atividades de desporto, lazer e animação musical.

AGROITIS
Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Pozo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
698 126 552 - Fonte da Vila, 7 - Salvaterra
milfollas@mundo-r.com

Eva García de la Torre investida como alcaldesa do Porriño con maioría absoluta

Eva García de la Torre foi investida o sábado día 15 como alcaldesa do Porriño con maioría absoluta. Recibiu 9 votos (4 do PSOE, 2 do BNG, 2 de EU Son Porriño e 1 da UDDL) fronte ós 8 votos que acadou Manuel Alejandro Rodríguez, candidato do PP e que corresponden ós concelleiros dese partido.

Eva García recibiu o bastón



de mando da mesa de idade que presidiu a sesión constitutiva asesorados polo secretario municipal que proclamou o resultado da votación realizada en fuma.

Nas súas primeiras declaracións ó termo da sesión a alcaldesa reelecta para un novo mandato ata 2023 manifestou sentirse “feliz e cargada de responsabilidade porque Porriño é un concello que tén

un enorme potencial e a carga de traballo é moi grande para acadar que Porriño sexa canto pode ser durante estes vindeiros catro anos”.

Con respecto ó inminente futuro a partir do luns 17, a alcaldesa reelixida sinalou que “imos seguir negociando para un goberno de coalición. Estamos avanzada nas conversas co BNG e agardo que academos un acordo”.

O BNG apoia unha alcaldía socialista sen pechar un pacto de goberno en coalición co PSOE

Ao BNG impediúselles explicar o seu voto no pleno de investidura o pasado 15 de xuño, ao negarlle a palabra o presidente da mesa de idade e membro do PP, un mal comezo para esta lexislatura, coartando a liberdade de expresión dos concelleiros e concelleiras no pleno.

Pedro Pereira e Ana Bastos, do BNG, votaron a favor de investir alcaldesa a candidata socialista, “as opcións que tiñamos en riba da mesa eran PP ou PSOE, e ningunha era a que considerabamos mellor para O Porriño. Deixando a un lado esta cuestión decidimos, tendo en conta tamén a nosa ideoloxía, apoiar a que consi-

deramos opción menos mala” manifestou Pedro Pereira, candidato nacionalista.

O BNG quere recordar que o PP leva anos de gobernos na Xunta, e no propio Concello, sen ser capaz de levar a cabo ningún dos grandes proxectos que o Porriño precisa: a ampliación do Centro de Saúde, onde a Xunta ten á súa disposición os terreos para poder facelo dende o ano 2009, co goberno nacionalista no Concello; outra das prioridades municipais é o centro escolar Xosé Fernández López, non querendo incluír, ano tras ano, un novo centro alternativo nos orzamentos galegos, a pesar das reiteradas peticións por

parte de distintos colectivos. As terras contaminadas con lindano son outro dos exemplos que nos confirman que o Partido Popular nin na Xunta nin a nivel local loita por que se tomen medidas, co grave prexuízo que isto supón para toda a veciñanza do Porriño.

Por outra banda, o Bloque Nacionalista Galego do Porriño síntese defraudado co resultado do goberno do partido socialista que acaba de rematar, encabezado por Eva García de la Torre, ao non cumprir este practicamente ningún dos acordos que se aprobaron en Pleno, nin outros proxectos que se comprometeron a levar adiante. A situación de parálise percíbea

toda a sociedade do Porriño e a situación económica do concello é mala, mais toca poñer solucións e non poñer aínda mais paus nas rodas como está a facer o PP.

O BNG, por responsabilidade e porque considera que a situación é reversible, mantén as portas abertas á opción de formar parte dun goberno, co obxectivo final de impulsar políticas transformadoras, da inclusión de boas prácticas no exercicio das funcións municipais, con transparencia, en igualdade, creando distintos consellos sectoriais, impulsando a creación dunha empresa pública de servizos no concello e dándolle á nosa lingua a im-



Pedro Pereira, concelleiro do BNG

portancia que merece. Estes son, a grandes trazos, os nosos acordos de investidura e nos que esperamos poder seguir avanzando nos vindeiros días coa consecución, se cabe, dun goberno de coalición BNG-PSOE cunha estrutura de goberno e un calendario de liñas de actuación a corto prazo que mellore en xeral a calidade de vida de todos os porriñeses e porriñesas.

o remendón
CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL
Duplica

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

o noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Pates do Río, Cuscús e Frango, Bacalao e Kios a la vasca.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 - Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11- Salceda de Caselas
T: 886 115 548

Rúa Galicia, 5- Salvaterra de Miño
T: 986 658 529

Móvil: 643 318 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Louriña

Castiñeira e Tourón logran manter un Goberno de esquerdas en Salceda

Por primeira vez o Concello estará dirixido por dúas mulleres.

MS e PSOE alcanzaron un acordo antes do pleno de investidura para formar un goberno de coalición para os vindeiros catro anos. Fórmase así un goberno forte, e de maioría absoluta que permitirá seguir co proceso de cambio de Salceda iniciado no ano 2007.

O acordo inclúe unha alcaldía compartida, polo que hoxe recolleu a vara de medir Loli Castiñeira en representación de Movemento Salceda e a metade da lexislatura daralle continuidade á alcaldía Verónica Tourón en representación



do PSdeG para continuar co proxecto compartido entre ambas formacións.

MS e PSOE destacan o feito de que por vez primeira Salceda contará cun goberno con maioría feminina, sendo ademais

dúas mulleres as que compartan a Alcaldía.

Nos vindeiros días ambas formacións pecharán o acordo de Goberno no relativo tanto ás áreas de responsabilidade como sobre todo ao proxecto

conxunto e ás liñas estratéxicas a seguir nestes catro anos.

Durante o mandato de Loli Castiñeira, Verónica Tourón ocupará a primeira tenencia de alcaldía, e ambos postos se invertirán a metade da le-

xislatura, mantendo en todo momento un Goberno de equipo que traballe man a man durante os catro anos en busca do mellor para a veciñanza de Salceda.

Verónica Tourón: "Con este acordo o que pretendemos é un Goberno con outras formas, diálogo, participación e consenso en beneficio de Salceda".

Loli Castiñeira: "A Salceda que nós soñamos ten que ser a que soñan os nosos veciños e veciñas. Escoitaremos, dialogaremos, chegaremos a acordos e xestionaremos o Concello para levar adiante o proxecto de Goberno".

O consorcio do Louro fixo entrega dos premios do IV Concurso de Debuxo Infantil



O pasado mércores, coincidindo coa celebración do día municipal do medio ambiente, fixose a entrega dos premios do IV Concurso de Debuxo Infantil do Consorcio, que este ano tiña como lema "Os Investigadores da Auga trala pista do ciclo integral da auga".

Os catro primeiros premios, un por cada Concello consorciado, recibiron unha tableta electrónica e os oito finalistas,

dous por Concello, recibiron unha pulseira de actividade.

Os representantes dos Concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui así como a Directora de Augas de Galicia quixeron agradecer a participación dos nenos nesta cuarta convocatoria, na que se presentaron preto de 250 debuxos, e resaltaron a importancia de difundir e concienciar da importancia da boa xestión e dun uso responsable dun ben escaso

e prezado como é a auga.

Os 12 debuxos seleccionados serán utilizados para editar un calendario do ano 2020 que, como xa é costume, será distribuído polo Consorcio en diferentes puntos.

Os debuxos gañadores poden consultarse tamén accedendo á web do Consorcio na dirección www.consorciodolouro.es

O Comité Directivo durante a entrega de premios do IV Concurso de Debuxo infantil

Aberto o prazo de inscrición no VI Campus do Celta

Realizarase no Campo de Fútbol das Baloutas do 24 ao 28 de xuño

Aberto o prazo de inscrición no VI Campus Fundación Celta-Rubén Blanco que se realizará no Campo de Fútbol das Baloutas do 24 ao 28 de xuño (ambos días incluídos). O prazo de inscrición finalizará unha vez cubertas as 60 prazas ofertadas, que se asignarán por rigorosa orde de entrada.

O Campus desenvolverase en horario de 10.00 horas a 14.00 horas da mañá.

Ao inicio do campus os rapaces participantes (con idades comprendidas entre os 4 e os 16 anos) recibirán a equipación composta por calcetíns, pantalón e camiseta; así coma, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo. Premiarase aos participantes máis destacados cun adiestramento na Madroa xuntos cos nenos das Categorias Inferiores do Celta.

Os interesados en inscri-

birse poden facelo presencialmente no Rexistro do Concello de Mos ou na sede electrónica do Concello.

O prezo do campus para os mosenses será de 60 euros, mentres que para o resto será de 132 euros. A solicitude de inscrición que deben asinar os pais pode descargarse da páxina web do Concello, así como os datos para realizar o pago. A solicitude física impresa pódese recoller tamén no Rexistro municipal.

A metodoloxía que utilizan os monitores da Fundación Celta de Vigo neste Campus baséase no traballo de catro áreas fundamentais: coordinación, técnico-táctica, multideporte, e competición. O sistema para impartir a formación ós xogadores é rotativo, de xeito que ó longo da mañá tódolos cativos participantes no campus vaian pasando polas catro diferentes áreas de traballo.

Diego Paz e Cristina Torres gañadores do VI Tríatlon Concello do Porriño

Finalmente foron 205 os participantes na sexta edición do Tríatlon Concello do Porriño que se disputou con boas condicións meteorolóxicas, a pesares de que a choiva fixo acto de presenza un par de veces, tanto na saída en Tui como despois en Porriño. Pero de xeito pasaxeiro.

No aspecto deportivo, brillante triunfo de Diego Paz, triatleta de Ponteareas, orixinario da parroquia de Cristiñade e pertencente ó club "Arcade Consultores Inforhouse". Chegou en cabeza xunto con Brais Canosa á transición da rúa Domingo Bueno, ó remate do



tramo de bici, e marcou as diferenzas no treito final de carreira a pé. O seu tempo final foi de 59' 59".

Na categoría feminina igual-

mente dominou sen discusión Cristina Torres, do club "Tríatlon Mar de Vigo". Cruzou a liña de meta cun tempo de 1 hora, 14' 28".

Zona Franca licita o estudo para a futura Cidade do Transporte a ubicarse no Porriño



Zona Franca sacou a concurso o estudo de implantación da futura Cidade do Transporte que o presidente deste organismo público, David Regades xa anunciara que desexa implantar no Porriño. De feito o estudo de arquitectura que gañe o concurso, ademais de se embolsar 300.000 euros, terá o encargo de redactar o proxecto sectorial e de urbanización, segundo as bases da convocatoria publicada o pasado 4 de xuño e que rematará o 8 de xullo.

A Cidade do Transporte deberá acoller un gran parking para camiións, hotel, restaurante, gasoliñeira, taller mecánico e de reparacións. O propósito é desaloxar de Vigo o aparcamento indiscriminado de camiións e trailers ofrecendo ós camioneiros unha alternativa cómoda e próxima ás principais vías de comunicación. Precisamente a elección de Porriño facilitará as conexións coa autovías A-52 e A-55 así como coa Autoestrada do Atlántico AP-9

Curso permanente de defensa persoal feminina

O Concello do Porriño tomou a decisión de proseguir co curso de defensa persoal feminina que se realizou no pasado mes de maio e que pase a ser de carácter permanente. Das 137 mulleres que participaron no primeiro curso xa hai 68 que confirmaron a súa

asistencia a estas novas xornadas formativas.

A formación realizarase en dous sábados ó mes. A vindeira clase será o 29 de xuño. Non compre anotarse para asistir. Abonda con acudir con roupa deportiva no lugar e hora. A Policía Local de O Porriño seguirá a colaborar.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

Baixo Miño

Ánxela Fernández Callís, abre un tempo novo na súa toma de posesión como alcaldesa do Rosal

O sábado 15 tivo lugar a toma de posesión da nova Corporación Municipal rosaleira e elección da nova alcaldesa, a nacionalista Ánxela Fernández Callís. A nova rexedora rosaleira dirixiuse ós compañeiros de corporación e ó público asistente, manifestando que se "abría un tempo novo" no que estarían "abertos ó diálogo, ó consenso e ás propostas, sempre".

Despois do acto institucional, e xa como alcaldesa, dirixiuse á veciñanza que se ato-



paba na praza do Calvario dende o balcón do Concello, para agradecer o apoio recibido.

Finalmente, e xa organizado

polo BNG, mantiveron un convívio e xantar aberto a quen quixera participar na carballeira de San Miguel.

Tui realizará o 30 de xuño a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Xesús Sacramentado

Este ano correspóndelle ao Concello de Tui realizar a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Xesús Sacramentado o próximo domingo, 30 de xuño, na Catedral de Lugo.

Por este motivo o Concello de Tui pon á dispor da cidadá-

nía autobuses gratuítos para desprazarse até Lugo. As persoas interesadas en acudir á Ofrenda deberán inscribirse até o próximo martes 25, inclusive, na casa do concello de luns a venres de 9 a 14 h ou no teléfono 617 498 103 de 9.30 h a 13.30 h e de 16 a 21h. Os

autobuses sairán o domingo 30 ás 8 h.

Neste ano 2019 cúmprense 350 anos desta ofrenda que dende 1669 realizan as sete cidades que foron capital do Antigo Reino de Galicia, e que coincide coa celebración do Corpus Christi.

Os Socialistas de Oia preocupados polo emprego de glifosato nas estradas



Na mañá pasado mércores Elena Álvarez Pérez, concelleira en funcións do Concello de Oia polo PSdG-PSOE, participou na estrada PO-552, xunto con membros da Asociación Naturalista do Baixo Miño ANABAM e do Centro Social O Fuscalho, na protesta contra o emprego de glifosatos para a limpeza das marxes das estradas.

Un grupo de persoas impediron o avance da maquinaria que estaba a empregar

este produto, un herbicida altamente contaminante e prexudicial para as persoas e tamén para a fauna e a flora.

A pesares de terse aprobado no municipio de Oia unha moción na que se rexeitaba o emprego deste tipo de produtos para a limpeza das estradas, novamente a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, continuaba facendo caso omiso a este acordo plenario.



Festa da Langosta en A Guarda



A Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira chega súa XXIX edición cunha destacada programación onde os humoristas e a música de fusión serán os protagonistas xunto coa raíña da festa, a langosta.

Os días 5, 6 e 7 de xullo o porto da Guarda será o escenario da festa gastronómica de referencia. Os restaurantes ofrecerán a langosta acompañada duns 20 pratos mariñeiros sen esquecer dos doces típicos e do viño Denominación de Orixe do Rosal.

MONCHO BORRAJO será o pregoeiro desta edición que arrancará o venres ás 21.00h na Praza do Reló. O actor, humorista e showman galego tamén presentará o seu espectáculo "Borrajo Perdido".

O sábado será a cita para LUIS ZAHERA, recoñecido actor galego que foi premiado este ano co Goya ao Mellor actor de reparto. O actor ofrecerá o seu espectáculo "CHUNGO" no que ofrece as súas vivencias vitais.



Lomba segue como alcalde

Antonio Lomba segue ao fronte do Concello da Guarda tras ser investido como alcalde logo do acordo co BNG para gobernar en coalición, asumindo o BNG a Tenencia de Alcaldía. Sumando cinco concelleiros cada partido superan a maioría necesaria de nove escanos.

Palestra sobre o megalitismo

O sábado 29 de xuño ás 11h30 terá lugar no Centro Cultural da Guarda a palestra "Megalitismo do sur da Galiza no seu contexto atlántico". Nela intervirán dous dos mellores coñecedores do megalitismo galego: Antón A. Rodríguez Casal, catedrático e profesor de prehistoria na USC, que fará unha introdución ao megalitismo e ao Neolítico en xeral, e o guar-

dés Miguel Carrero Pazos, doutor en historia na USC, que fará unha exposición concreta do sur da Galiza e norte de Portugal.

Ambo-los dous tentarán dar unha visión ampla e actualizada do que representa e representou o megalitismo no noso contexto atlántico. Xa que estas representan as primeiras modificacións da paisaxe feitas polo ser humano no noso territorio.

Novo horario do Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz

Apartires desta fin de semana o Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz da Guarda abre novamente as súas portas todas as fins de semana e festivos en horario de 11:00h a 14:00h e de 18:00h a 21:00h. Este horario manterase ata o 15 de setembro.

O Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz conta con paneis informativos que

facilitan a comprensión do contexto histórico e o papel desempeñado pola fortaleza de A Guarda no sistema de fortalezas abaluartadas transfronteirizas.

As taxas de acceso son de 1€ adultos, 0,5€ menores de 14 anos e Gratuito o primeiro sábado de cada mes e o día dos Museos (18 de maio).



As escolas poderán participar en Contádenos o voso Día das Letras ata o 22 de xuño

A Real Academia Galega mantén aberto ata o 22 de xuño o prazo para participar na terceira edición do concurso Contádenos o voso Día das Letras, que premiará proxectos desenvolvidos en centros de educación infantil e primaria arredor da celebración dedicada a Antonio Fraguas. Todos os traballos serán difundidos a través da web Primavera das Letras, creada pola institución para achegar dun xeito lúdico o público máis novo á figura homenaxeada o 17 de maio.

Cada colexio poderá presentar unha ou máis iniciativas centradas no Día das Letras Galegas de Antonio Fraguas. Os responsables deberán remitir ao correo electrónico contacto@primaveradasletras.gal, acompañadas dunha breve explicación, as ligazóns que recollan as actividades realizadas. En caso de que o centro non dispoña dun espazo virtual onde amosalas, poderase remitir o material a este mesmo ende-



rezado electrónico. As bases do concurso están dispoñibles nesta ligazón.

Nas dúas primeiras edicións do concurso foron premiadas oito escolas: o CPI Virxe da Cela (Monfero), a EEI do Millañoiro (Ames), os CEIP Plurilingüe Anxo da Garda (A Coruña), Antonio Fernández López (Oural, Sarria), Carlos Casares de Vilaño (Nigrán), Plurilingüe Os Casais (Maniños, Fene) e do Carballal (Marín), e o CRA Amencer (Ribadavia).

Contádenos o voso Día das Letras celébrase desde 2017 ao abeiro da web Primavera das Letras, creada no ano 2016. Xunto aos contidos de Antonio

Fraguas, é posible consultar na lapela "Edicións anteriores" os materiais deseñados para celebrar a María Victoria Moreno, Carlos Casares e Manuel María.

As propostas deste espazo virtual concíbense cun enfoque interdisciplinario que permite que os cativos e cativas traballen dun xeito lúdico non só os aspectos máis directamente relacionados coa obra da personalidade na que se centran cada ano, senón tamén competencias e contidos referidos ao medio social e natural ou á educación artística, tomando sempre como punto de partida a traxectoria do protagonista do Día das Letras Galegas.

Ana Miranda denuncia en Europa os vertidos de lodos no contorno da illa de Sálvora

A eurodeputada do BNG considera unha "irresponsabilidade" poñer en perigo a riqueza medioambiental e pesqueira da zona



Ana Miranda, enviou á Comisión Europea, en concreto á Dirección Xeral de Medio Ambiente, unha comunicación na que denuncia a existencia de vertidos no contorno da illa de Sálvora procedentes do dragado do río Lérez e na que insta á Comisión a comprobar esta situación e a verificar o incumprimento da Directiva Marco da Auga.

Ana Miranda critica a autorización de Portos de Galiza para realizar este depósito de residuos nun espazo medioambiental,

pesqueiro e de marisqueo tan importante como é a zona de Sálvora, tendo en conta que esta illa pertence ao parque nacional das Illas Atlánticas e é importante a nivel pesqueiro, marisqueiro e turístico. "Trátase dun atentado ambiental e económico para esta zona que hai que frear xa", subliña.

Miranda, ten como unha das prioridades do seu traballo na Eurocámara a defensa do saneamento integral das rías e os ríos galegos.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

O salón de plenos da Deputación érchese de nenos e nenas en apoio das linguas de signos e da inclusión

Carmela Silva entregou os premios do concurso “Xoga coas manciñas” “un proxecto marabilloso, un proxecto humano, un proxecto de sociedades que merecen a pena”

O Pazo Provincial tinguiuse de cor turquesa para conmemorar o Día Nacional das Linguas de Signos

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva participou na entrega de premios do concurso provincial “Xoga coas manciñas” no Pazo Provincial, un certame para as nenas e os nenos da provincia

de educación infantil e primaria, no que tiveron que gravar un vídeo en lingua de signos dun conto, canción ou poema dunha autora ou autor galega/o. Silva destacou a importancia que ten a comunicación xa que “é fundamental, é o que nos fai felices, poder falar unhas e uns con outras e outros” e fixo fincapé na lingua de signos que “nos permite falar con algo marabilloso, coas mans, que son o instrumento máis fermoso que temos, só os seres humanos temos unhas mans que nos permiten construír”.



En España, a xordeira afecta ao redor dun millón de persoas. No que respecta á pro-

vincia de Pontevedra, máis de 16.000 persoas viven con algún tipo de problema senso-

rial, das que a metade, unhas 8.000 persoas, contan cun problema auditivo.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

FAME DE EXPERIENCIAS?



Canto tempo hai que non visitas As Rías Baixas?

Cinco restaurantes con estrelas Michelin e seis establecementos Sol Repsol converten a provincia de Pontevedra no teu destino ideal para pasar unha fin de semana succulenta e inesquecible. Goza do luxo de probar a mellor cociña de autor, entra en contacto coa paisaxe e redescubre os excelentes produtos das rías e do interior.

Organiza a túa escapada e sacia a túa fame de experiencias gastronómicas innovadoras e creativas.

Restaurante Maruja Limón en Vigo



A décima edición do Open Vila do Corpus atrae a tenistas de primeiro nivel

A partir do xoves día 20 as pistas de tenis da Freixa acollerán a X edición do Open Vila do Corpus que se prolongará ata o día 30 de xuño e que recibirá xogadores de dentro e de fóra de Galicia. Como cada ano disputarase en tres bloques diferenciados: Vila do Corpus, Vila do Corpus Feminino e Vila do Corpus Masculino.

O Vila do Corpus acollerá as categorías de benxamín, alevín, infantil, cadete e junior, tanto masculino como feminino.

No Vila do Corpus Feminino destaca a participación de Carla del Barrio, número dous do ranking galego. Esta tenista xa disputou este torneo en anteriores edicións vencendo en dúas ocasións e a partir do mes de agosto continuará a súa formación na Universidade

Wolf Parck de Nevada (Estados Unidos).

No Vila do Corpus Masculino salienta a participación do asturiano Roberto Menéndez quen chegou a posicionarse no número 292 do ránking ATP e, na actualidade, é o campión do mundo +40 ITF. O Club de Tenis Ponteareas, organizadores da proba, agarda a este xogador no cadro principal na categoría absoluta xa que tamén se contará con outros dous veteranos +35 e +45. Ademais desta figura do tenis, destacan outras a nivel estatal como o madrileño Ricardo Villacorta, no posto 517 da ATP e gañador de numerosos torneos ITF estatais e ao valisoletano Jorge Hernando, no

posto 612 ATP e tamén gañador dos citados torneos estatais.

A nivel galego destacan Tomás Curras, número un no ránking galego; Yago Salvador Pita, cuarto; Roberto Rodríguez, quinto, e o actual defensor do título Open Vila do Corpus Simón Arca, recén chegado do seu primeiro ano universitario en Estados Unidos.

O Club de Tenis disporá de trofeos para todos e todas as finalistas e repartirá un total de 1.500€ en metálico nas categorías absoluto masculino e feminino.




X OPEN TENIS VILA DO CORPUS

20-30 Xuño

PREMIOS EN METÁLICO 1.500€

TROFEOS Campión e Subcampión

Colabora: PONTEAREAS CONCELO, DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Organiza: CLUB DE TENIS PONTEAREAS

PREMIOS EN METÁLICO: 1.500€

TROFEOS: Campión e Subcampión

INSCRIPCIONES: Club de Tenis Ponteareas, Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD, 36860 Ponteareas (Galicia) - T. 986 64 12 69

Colabora: GASOLEOS TEA, PONTEAREAS, A GUARDA, REPSOL

Óptica mahen

mahen audioprótesis

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4